

INFORME DE SEGUIMIENTO E RESULTADOS DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)

CURSO 2020/2021

I. INFORMACIÓN XERAL

Centro/s	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Universidade de Vigo
Denominación do/s título/s	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos Grao en Dereito Dobre Grao ADE-Dereito Mestrado en Avogacía Mestrado en Xestión e Dirección Laboral Mestrado de Menores en situación de desprotección e conflito social
Curso	2020/2021

II. COORDINACIÓN

Coordinador/a do PAT-ANEAE	Regina Ibáñez Paz
----------------------------	-------------------

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

O desenvolvemento do Plan de Acción Titorial para o curso 2020/2021 ven marcado por un novo documento que, amén de integrar no Plan de Acción Titorial a Atención das Necesidades Específicas Educativas, propón entre outras as seguintes modificacións respecto do anterior:

- Designar unha persoa titora para cada unha das titulacións do Centro, en lugar de a titorización por curso e titulación.
- Eliminar, por cuestión relativas á protección de datos, a enquisa individual voluntaria que se pasaba na primeira das reunións co alumnado.

Dacordo ao novo Plan, dende a Coordinación do Plan de acción titorial (PAT), se definen as diferentes reunións colectivas dos/as titores/as cos seus estudantes, a razón de dúas por curso académico, polo menos, e sen perxuro das reunións individuais que foran requeridas polos/as estudantes ou da consideración por parte da persoa que titoriza dun número máis elevado de

encontros. Facílitate ademáis a información útil para o estudiantado relacionada cos diferentes servizos da Universidade, que trasladarase na primeira das reunión grupais.

A primeira reunión estudiantado-titores/as tivo lugar durante o primeiro cuadrimestre do curso 2020/2021. Nela, era tarefa de cada titor/a informar sobre os plans de estudos, as saídas profesionais, os principais servizos universitarios e as actividades de formación, culturais e deportivas coas que conta a Universidade.

Por outra banda, e en segundo lugar, a finais do segundo cuadrimestre, os/as titores/as realizaron maioritariamente alomenos unha reunión colectiva final, na que intercambiaron co estudiantado os seus pareceres acerca do desenvolvemento do PAT, as debilidades detectadas, dificultades que atoparon, posibles suxestións, etc.

Por outra banda, o PAT serviu de canle de comunicación para facer chegar ao alumnado cuestións de interese específica (en determinados cursos e titulacións) ou xeral (para todos os cursos e titulacións).

- De interese específica: Información sobre TFG ou TFM, programas de intercambio ou preinscripción en mestrados, entre outras.
- De interese xeral: Información institucional relativa á evolución da alerta sanitaria e sucesivas medidas para garantir a seguridade na actividade académica ou dispoñibilidade de acceso libre e ilimitado á biblioteca virtual Tirant lo Blanch, entre outras.

Asimesmo, ao remate do curso púxose a disposición do estudiantado, a través da plataforma Faitic, unha enquisa anónima cuxos resultados se evidencian neste informe.

IV. TITORES(AS)

TITULACIÓN	TITOR(A)
Grao en Dereito	Pablo Fernández Carballo-Calero
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	José Ramón Rodríguez Lago
Dobre Grao ADE_Dereito	Marta García Mosquera
Mestrado en Menores	Teresa Estévez Abeleira
Mestrado en Avogacía	Ángel Mariño de Andrés e Teresa Martínez Táboas
Mestrado en Dirección e Xestión Laboral	Alexandre Pazos Pérez
Curso ponte RRLL e RRHH	José Carlos Orge Míguez

V. TUTORIZACIÓN

As tarefas de tutorización desenvolvidas son as que se recollen a continuación, para as diferentes titulacións.

• Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos:

Titor: José R. Rodríguez Lago

Datas: Primeira reunión grupal en novembro de 2020.

O 27 de outubro de 2020 o Titor informou a todo o alumnado por FAITIC da celebración dunha primeira reunión informativa do PAT en modalidade grupal e mixta (presencial e virtual).

A reunión tivo lugar o 9 de novembro, nos horarios acordados previamente para cada un dos catro cursos. Trasládronse as informacións de carácter xeral sobre o PAT, pero non xurdiron cuestións específicas por parte do alumnado.

Durante o curso, o titor trasladou aos catro cursos a través de Faitic e do correo as diversas propostas de información ao alumnado trasladadas polo equipo decanal: divulgación de xornadas formativas, actividades celebradas na Facultade e avisos varios.

O titor recibiu e respondeu consultas e propostas efectuadas por 12 persoas a través do seu correo electrónico. As temáticas de tales consultas foron:

- As relacionadas coa utilización da cámara e o micrófono polos profesores nas sesións mixtas.
- As relacionadas cos TFGs e as Prácticas de Empresa (alumnado de 4º curso).
- As relacionadas coa adecuación entre o sistema de avaliación anunciado polo profesorado dunha materia e o sinalado na Guía Docente de tal materia.
- As relacionadas con posibles cambios de matrícula e universidade.

O titor respondeu ás consultas do alumnado na medida do posible e trasladou as cuestións pertinentes á:

- Coordinadora de Grao.
- Coordinadora do PAT.
- Decanato.
- Secretaría de alumnos.

O 11 de maio de 2021, o titor informou ao alumnado da conveniencia de cubrir as enquisas de satisfacción das materias e do PAT. A instancias da coordinadora do PAT, volveu facer o mesmo o 29 de xullo.

- **Grao en Dereito:**

Titor: Pablo Fernández Carballo-Calero

Datas: Primeira reunión grupal en novembro de 2020. Unha reunión grupal de seguimento en maio de 2021.

Primeira reunión grupal, celebrada o 3 de novembro de xeito virtual.

Asistentes:

- 1º Curso: 33 persoas (16 a 16.20h)
- 2º Curso: 13 persoas (16.20 a 16.40h)
- 3º Curso: 5 persoas (16.40 a 17h)
- 4º Curso: 3 persoas (17 a 17.20h)

En cada unha das reunións, para cada un dos cursos, explícase ás persoas asistentes as funcións que se asumen dende a coordinación do Plan de Acción Titorial e a delimitación de funcións respecto da figura do coordinador de Grao. Anticípase tamén a celebración dunha segunda reunión ao principio do cuadrimestre e a posibilidade de que o alumnado solicite titorías individuais ao longo de todo o curso cando así o estime necesario. Na reunión de 1º curso unha das persoas asistentes inicia un chat privado anticipando a súa intención de expor no futuro o seu caso persoal

Reunión individual, celebrada o 18 de novembro de xeito virtual

Reunión particular cunha alumna de 4º Curso de Grado en Dereito que expón o sufrimento de estrés e ataques de ansiedade. Ao término da xuntanza instase á alumna a poñerse en contacto co gabinete psicopedagóxico, como canal e servizo que determinará o xeito de tratar a súa problemática.

Segunda reunión grupal, convocada o 18 de maio de xeito virtual.

Asistentes:

- 1º Curso: 0 persoas (16 a 16.20h)
- 2º Curso: 0 persoas (16.20 a 16.40h)
- 3º Curso: 0 persoas (16.40 a 17h)
- 4º Curso: 0 persoas (17 a 17.20h)

No houbo asistentes en ningunha das reunións convocadas nesta data.

- **Dobre Grao ADE-Dereito:**

Titora (Dereito): Marta García Mosquera

Datas: Reunión colectiva convocada en decembro de 2020.

En data 15 de decembro 2020 o alumnado dos distintos cursos foi convocado por correo electrónico á primeira reunión titorial PAT, a celebrar virtualmente entre os días 18 e 21 de decembro.

1º A convocatoria do alumnado levouse a cabo a través de Faitic, empregando os respectivos “espazos comúns” de curso, xa creados.

No que se refire á convocatoria, deben salientarse dúas incidencias importantes.

A primeira é que, no espazo Faitic empregado, figura como usuari@ (con perfil de “responsable” do curso) todo o profesorado. Por esa razón, o profesorado recibiu unha mensaxe que non ía destinado a eles, dando lugar a confusión entre moitos deles.

A segunda incidencia en relación coa convocatoria, é que suscitou o problema de se tales reunións do PAT debían facerse conxuntamente co profesorado titor de ADE. Ao respecto, tras analizar se esa posibilidade era factible e intentar o contacto co profesorado titor de ADE: o titor de 2º curso (Jorga Falagán Mota) anunciou que intentaría asistir á reunión (malia que finalmente non acudiu); e a titora de 3º curso (María Gómez Rúa) si o fixo.

2º As reunións tiveron lugar nos seguintes días e horas, co resultado que se indica en cada caso:

PRIMEIRO CURSO: Luns, 21 de decembro 2020, 13:30 h.

Asistiron un total de 8 alumnas e alumnos. Na reunión expóñense as funcións asumidas pola titora PAT e a delimitación das citadas funcións con respecto á persoa Coordinadora da Titulación (do mesmo xeito que se fixo nas restantes reunións nas que foi posible). Por parte do alumnado non se prantexou cuestión algunha.

SEGUNDO CURSO: Venres, 18 de decembro 2020, 14:15 h.

Ningunha persoa se presentou á reunión.

TERCEIRO CURSO: Luns, 21 de decembro 2020, 13:50 h.

A reunión foi celebrada conxuntamente coa titora PAT de Ade, D.ª María Gómez Rúa. Asistiron 21 alumnas e alumnos, que non plantexaron máis cuestións problemáticas que o tema do frío nas aulas neste primeiro cuadrimestre do curso.

CUARTO CURSO: Luns, 21 de decembro 2020, 19:00 h.

Conectouse á reunión unha única alumna. Tras expor as funcións da titoría, e despois de preguntar se había algunha cuestión a trasladar, a alumna manifesta que en realidade o PAT é coñecido, pero que só tiveron que botar man del o curso pasado, perante a suspensión das clases presenciais, por un problema puntual que non lograran resolver cun profesor concreto.

QUINTO CURSO: Luns, 21 de decembro 2020, 19:00 h.

Non se conectou ningún estudante.

A única persoa que se conectou á reunión foi a Prof.^a Mar Rodríguez, quen acudiu na convicción de que fora convocada á reunión. Foi aclarada a cuestión, con petición de desculpas por parte da titora convocante.

- **Curso ponte RRL:**

Titor: José Carlos Orge Míguez

Datas: Celebráronse dúas reunións grupais ao longo do curso académico, en novembro de 2020 e abril de 2021.

O Curso Ponte de Relacións Laborais e Recursos Humanos é un itinerario polo cal os Diplomados en Relacións Laborais poden obter o Grao na mesma titulación.

Despois duns anos sen ofrecer este Curso Ponte, no curso 2019-2020 volveuse a establecer pero sen que os alumnos matriculados nel tivesen un grupo e un horario propio. Nese curso, os alumnos queixáronse de que esa circunstancia non se lle facilitaba a asistencia ás clases xa que as materias que forman o Curso Ponte poden pertencer (hai optativas) ata aos catro cursos distintos do Grao, o cal provocaba solapes nos horarios de distintas materias. Asemade, tódolos cursos do Grao impártense en horario de mañán e os alumnos do Curso Ponte teñen preferencia pola tarde. Hai que ter en conta que o perfil dos alumnos do Curso Ponte é de xente de mediana idade que traballa, normalmente polas mañáns.

No curso 2020-21 o Curso Ponte si que contou cun grupo propio en cun horario exclusivo polas tardes. Está foi a principal valoración positiva no PAT dos alumnos do Curso Ponte do curso 2020-21. Polo demais manifestáronse razoablemente satisfeitos polo desenvolvemento do curso.

-
- **Mestrado en avogacía:**
-

Titores/as: Angel Mariño de Andrés e Teresa Martínez Táboas

Datas: Reunión grupal en outubro/novembro de 2020. Aportacións telemáticas en períodos habilitados para tal fin.

Vigo

Primeira reunión grupal celebrada o 4 de novembro de 2020. Ás 17:30 horas, para o grupo B do Mestrado de Avogacía de Vigo e, ás 18:00 horas, para o grupo A. Asisten 16 estudantes (grupo B) e 11 estudantes (grupo A).

En primeiro lugar dase a coñecer o obxectivo da primeira reunión do Plan: expor o desenvolvemento da docencia e recoller as primeiras impresións e as posibles suxestións do alumnado no primeiro cuatrimestre.

O alumnado presente indica que os temas que exponen foron previamente consensuados entre eles.

No caso do grupo B:

- Manifiestan frío nas aulas e solicitan se compatibilice teledocencia e clases presenciais. Explícaselles que o mestrado é presencial e que, somentes con causa xustificada e debidamente comunicada, pode seguirse a docencia en remoto.
- Preguntan sobre o uso do Código QR. Infórmase que a utilización do mesmo é unha recomendación neste momento para facilitar rastreos sanitarios en caso de que fose preciso.
- Prantexan dúbidas sobre a sede na que se impartirán as clases no segundo cuatrimestre, por mor do cumprimento das medidas sanitarias. Aducen pouco tempo para subir ao campus unha vez iniciado o periodo de prácticas. Sinálase en resposta que, neste momento, resulta precipitado concretar esta cuestión, que será debidamente comunicada á coordinación do mestrado.
- Indican problemas de coordinación entre múltiples profesores dunha mesma materia, concretamente no caso de Deontoloxía.

No caso do grupo A:

- Manifiestan frío nas aulas. Indican que a temperatura incumple a normativa de prevención de riscos laborais e solicitan a impartición da docencia online, cando menos de xeito voluntario. Explícaselles que o mestrado é presencial e que, somentes con causa xustificada e debidamente comunicada, pode seguirse a docencia en remoto.
- Queixanse tamén en relación á limpeza e desinfección de aulas e baños.

Ao longo do curso académico, o alumnado foi convocado en dúas ocasións máis.

A primeira, o 11 de febreiro de 2021. Ábrese no apartado de exercicios da plataforma Faitic a segunda reunión do PAT para o primeiro cuadrimestre dos grupos A e B do Mestrado de Avogacía de Vigo. Un período de 4 días para facer chegar impresións pechado o 15 do mesmo mes. Convócase un prazo telemático a fin de dar facilidades ao alumnado en período de exames

Recóllense catro aportacións por parte do alumnado en relación a:

- Planificación de tarefas dacordo coas datas de exames finais. Suxírese o envío de tarefas con antelación suficiente para facilitar a organización do alumnado así como a previsión para evitar coincidencia no tempo de demasiado traballo.
- Nivel esixido nos traballos máis acorde co tempo adicado en clase e o establecido no cronograma.
- Problemas neste senso co traballo da parte de Concursal na materia de Dereito Mercantil.
- Vulneración de confidencialidade e protección de datos na publicación de calificacións.
- Inxusta asignación de aula para o grupo B.

Un segundo prazo de recollida de impresións, queixas ou suxestións do alumnado ábrese do 20 ao 27 de abril de 2021. Nesta ocasión non se achega ningunha aportación por parte do alumnado.

Pontevedra

Primeira reunión grupal celebrada o 29 de outubro de 2020, ás 17:50 horas, en grupo único para o Mestrado de Avogacía de Pontevedra. Asisten 10 estudantes.

En primeiro lugar dase a coñecer o obxectivo da primeira reunión do Plan: expor o desenvolvemento da docencia e recoller as primeiras impresións e as posibles suxestións do alumnado no primeiro cuadrimestre.

Os temas expostos polo alumnado presente foron os seguintes:

- Preocupación en relación ao temario de Deontoloxía. Explícaselles a natureza do exame e que o temario será impartido dacordo ao anexo publicado na orde ministerial.
- Ventilación nas aulas. Estiman convinte o envío dun recordatorio ao profesorado sobre as normas ao respecto.
- Incomodidade das cadeiras e necesidade dunha mesa para apoio do portátil. Infórmaselles a imposibilidade de utilizar as mesas da biblioteca ao non poder gardar a distancia de seguridade esixida.
- Solicitud de subida das prácticas á plataforma informática coa suficiente antelación, para facilitar a súa impresión.
- Problemas para a carga de equipos derivada da inexistencia de suficientes alargadores de enchufes.

- Preocupación pola incidencia do Covid-19 e o seguimento das clases ante posibles cuarentenas. Infórmase que, aínda que as clases son presenciais, está previsto e publicado na guía docente un plan de continxencia para que, aquelas persoas en situación de confinamento poidan seguir as clases *online* a través do campus remoto. Asemade, infórmase da natureza da docencia mixta na Facultade.

Ao longo do curso académico, o alumnado foi convocado en dúas ocasións máis.

A primeira, o 11 de febreiro de 2021 ábrese no apartado de exercicios da plataforma Faitic a segunda reunión do PAT para valorar o primeiro cuatrimestre dos grupos A e B do Mestrado de Avogacía de Pontevedra. Un período de 4 días para facer chegar impresións pechado o 15 do mesmo mes. Convócase un prazo telemático a fin de dar facilidades ao alumnado en periodo de exames

Recóllese unicamente unha aportación por parte dunha alumna que manifesta problemas co seu equipo informático durante os exames *online*, realizados deste xeito por mor do confinamento ao que estivo sometida.

Un segundo prazo de recollida de impresións, queixas ou suxestións do alumnado ábrese do 20 ao 27 de abril de 2021. Nesta ocasión non se achega ningunha aportación por parte do alumnado.

• **Mestrado en Xestión e Dirección Laboral:**

Titor: Alexandre Pazos Pérez

Datas: Celebráronse un total de dúas reunións grupais, nos meses de outubro de 2020 e maio de 2021.

A primeira reunión tivo lugar o 21 de outubro de 2020, actuando todavía como titora/coordinadora a profesora Nora Martínez Yáñez. Trátanse as seguintes cuestións:

- Carga docente de algunhas materias demasiado ampla. A información trasládase ao profesorado aludido.
- Petición en relación a que o profesorado facilite os materiais docentes con antelación suficiente respecto da data do exame. Trasládase esta cuestión ás coordinadoras de materias do Mestrado.
- Suxestión relativa a que, materias impartidas por una única persoa, sexan impartidas por un maior número de docentes, especialmente docentes profesionais externos á Universidade de Vigo.
- Frío no aula. Ausencia de calefacción por incompatibilidade coas normas anti-Covid.
- Dúvidas respecto do sistema de asignación de empresas para prácticas externas e o sistema de asignación de titor(a) e tema para o TFM. Infórmase sobre estas cuestións e indícase que,

nos vindeiros días, a profesora Rosa Rodríguez, titora de ambas materias, dará unha explicación máis exhaustiva e resolverá todas as dúbidas que se poidan suscitar.

A segunda reunión celebrouse o 12 de maio de 2021. Estiveron presentes 13 estudantes. O contido foi o seguinte:

- A coordinación das materias entre o profesorado responsable é satisfactoria.
- O profesorado está a facilitar a documentación necesaria e adaptando as clases á modalidade virtual sen maiores incidencias.
- Falta contido práctico nalgunhas materias. Comunícaselles que se dará traslado desta apreciación á Comisión Académica do Mestrado.
- Suxírese a realización dunha avaliación de calidade sobre as empresas que participan nas prácticas externas. O titor recomenda o traslado destas cuestións á coordinadora das prácticas externas, a Prof. Rosa Rodríguez, para que a selección sexa realizada con maior precisión en base a esos datos.
- Consideran positivo ter a posibilidade de realizar unha enquisa sobre o grao de satisfacción coa titulación. Anímase ao alumnado a participar nas enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais, explicando a necesidade de acceder á Secretaría Virtual e cubrir un formulario. Ademais, sinálase que é un elemento de grande importancia nos procesos de avaliación externa, para o cumprimento do obxectivo de acadar unha mellor ratio de enquisas cubertas.

Por último, o titor achegou ao alumnado unha enquisa sobre os factores que inflúen na elaboración e presentación dos Traballos de Fin de Máster elaborada na Comisión Interuniversitaria do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral.

• **Mestrado de Menores en situación de desprotección e conflito social:**

Titora: Teresa Estévez Abeleira

Datas: Primeira reunión grupal en outubro de 2020. Reunión grupal de seguimento en febreiro de 2021.

Na primeira reunión, con data do 15 de outubro de 2020, ás 16:00 horas, facilítase ao alumnado información sobre o desenvolvemento do mestrado, incidindo en aspectos especialmente importantes sinalados na reunión de benvida ao mestrado. Asemade, infórmase pormenorizadamente do sistema de asignación de TFM, a normativa reguladora (subida a Faitic) e o proceso de depósito e defensa do traballo. Solicítase tamén, por parte dunha alumna, información relativa á posibilidade de realización de prácticas extracurriculares.

A titora pon de manifesto a posibilidade de realización de titorías individuais no despacho virtual en calquera momento do curso. Incide tamén na súa dispoñibilidade por medio do correo electrónico.

Nunha segunda reunión, celebrada o 11 de febreiro de 2021, pregúntase ao alumnado se ten algunha cuestión, queixa ou suxestión que aportar. Non hai aportacións. Pregúntaselle tamén se existe algunha dificultade coa docencia online (modalidade adoptada dende o día anterior a través do campus remoto). Non hai problema relativo a este aspecto. Tampouco hai queixa en relación á elaboración dos TFM. Resolvéronse dúbidas e aportouse información relacionada coas seguintes cuestións:

- Acceso a bibliotecas na Universidade de Vigo.
- Recuperación da presencialidade.
- Elaboración e defensa dos TFM.

Como conclusión, o alumnado asistente (un total de 25 estudantes) traslada a súa impresión sobre a boa marcha do curso académico.

Posto que trátase da última reunión grupal que, en principio, vai ser convocada, lémbrese ao alumnado a dispoñibilidade da titora para recoller calquera cuestión a plantexar por medio do correo electrónico.

- **Programa PIUNE:**

No curso 2020/2021, seis persoas entre o alumnado da Facultade figuraban inscritos no programa PIUNE, nas titulacións de Grao en Dereito (4), Grao en Relacións Laborais (1) e Mestrado en Avogacía (1). En relación á atención ás necesidades educativas específicas deste alumnado compre sinalar:

- As pautas de atención individualizada remitidas pola UNATEN e dictadas polo Gabinete Psicopedagóxico, foron enviadas ao profesorado para a súa aplicación. As variacións nestas pautas de actuación, que nalgún caso aconteceron ao longo do curso, foron debidamente comunicadas no momento da súa recepción.
- A resposta do profesorado, segundo reflexa o propio alumnado é satisfactoria.
- Para dúas persoas en particular, contouse coa asistencia dun titor individual así como a asistencia de becarios de apoio. A labor de titorización foi desenvolvida nestes casos polos profesores Ángel Mariño de Andrés e Aday Jiménez Alemán. Foi precisa tamén asistencia á mobilidade para unha persoa inscrita no programa.

Por outra banda, recibida notificación acerca da obrigabilidade de comunicación por medio da conta de correo da Universidade de Vigo, para garantir a protección de datos e a seguridade nas comunicacións, percíbese un maior grado de dificultade na fluidez das mensaxes. Decatámonos de que o alumnado non acostuma a revisar o correo na conta da Universidade e compre incidir, por parte das persoas titoras, na necesidade de facelo.

Os apartados recollidos no presente punto V do informe, refírense ata aquí ás actividades desenvolvidas polas persoas titoras nos cursos respectivos e nas respectivas titulacións.

Asemade, ademáis da tarefa desempeñada polos tutores e titoras, compre sinalar tamén outras actividades de orientación ao estudiantado que, ao longo do curso, veñen desempeñándose no Centro enmarcadas na acción tutorial e cuxa cronoloxía aparece desglosada nas táboas que figuran a continuación:

Cronograma de desenvolvemento do PAT-ANEAE: ORIENTA-T

Actuacións de acollida e presentación		
Actividade	Persoas Destinatarias	Data, hora, lugar
Acto/s de acollida	Alumnado de 1º de Grao en Dereito	16/09/2020, 10:45 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Grao en RRL e RRHH	17/09/2020, 10:45 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Mestrado en Avogacía	VIGO: 28/09/2020, 17:00 horas Ilustre Colexio de Avogados de Vigo PONTEVEDRA: 28/09/2020, 19:00 horas Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra
	Alumnado de 1º de Mestrado en Menores	24/09/2020, 16:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 1º de Mestrado en Dirección e xestión laboral	23/09/2020, 16:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
Presentación Clínica Xurídica	Alumnado de 2º, 3º e 4º	18/09/2020, 11:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo

Ciclos de conferencias, seminarios e xornadas		
Actividade	Persoas Destinatarias	Data, hora, lugar
Xornadas de saídas profesionais	Alumnado de 4º, Grao en RRL e RRHH	14/09/2020, 16:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
	Alumnado de 4º, Grao en Dereito	15/09/2020, 16:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
Taller sobre creación e xestión de perfís dixitais	Todo o alumnado do centro	14/09/2020, 11:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
Taller sobre emprendemento na forma cooperativa	Todo o alumnado do centro	15/09/2020, 11:00 horas F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
En primeira persoa: competencias profesionais e orientación laboral	Todo o alumnado do Centro	15-16/06/2021, Sala de Videoconferencias, en remoto F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
Actuacións de apoio e seguimento		
Actividade	Persoas Destinatarias	Data, hora, lugar
Xornada 3.0 de ordenación académica: optatividade, TFG e itinerancia.	Alumnado 3º	29/04/2021, 12:00 horas Salón de Graos F. Ciencias Xurídicas e do Traballo
Xornada 2.0 sobre programas de mobilidade	Alumnado 2º e 3º	09/11/2021, 11:00 horas Sala coordinador programas de mobiliade (712). Modalidade online. F. Ciencias Xurídicas e do Traballo.





VI. ENQUISAS

Ao remate do curso académico púxose a disposición do alumnado unha enquisa final destinada a valorar o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e o grao de cumprimento dos seus obxectivos. Por outra banda, púxose tamén unha segunda enquisa de satisfacción a disposición das persoas encargadas da tarefa de titorización das diferentes titulacións.

En relación á enquisa do estudiantado, a escasísima ou absolutamente nula participación fai que non poidan considerarse un mecanismo axeitado de análise e avaliación do PAT. Os resultados poden consultarse no Anexo. Somentes é rexistrada una escasa participación na titulación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. A participación é inexistente no resto das titulacións. Non é posible contrastar as respostas polo tamaño da mostra obtida.

En calquera caso, o simple feito da falta de interese por parte do alumnado é un síntoma máis de que a ferramenta do PAT é francamente mellorable. Así entrevese tamén nas escasas respostas obtidas.

Por outra banda, a participación das persoas encargadas da titorización na enquisa final destinada a elas foi tamén baixa. Dun total de 6 titores(as), únicamente a cumprimentaron 3. Non obstante, preséntase a continuación a análise gráfica dalgúns resultados obtidos.



VII. CONCLUSIONES

A visibilidade e utilidade do PAT non alcanza todavía obxectivos satisfactorios. A participación do alumnado, a implicación do profesorado e o desenvolvemento do PAT, tamén amosa ser mellorable.

En canto ás enquisas ao estudantado, nas suxestións se fala de sesións do PAT máis efectivas, que consigan mellorar as demandas ou inquiredanzas dos estudantes. Polo tanto, novamente, se demanda maior compromiso coas súas necesidades. Asemade, achégase unha aportación que fai referencia ao feito de ter unha única persoa como titora dunha titulación completa. Cuestiona se este feito pode limitar o tempo adicado ás persoas titorizadas.

Tradicionalmente, o PAT era considerado por unha boa parte do alumnado (seguramente, tamén por boa parte do profesorado) como un instrumento burocrático con escasa utilidade práctica. As consecuencias da pandemia e a incerteza derivada, fixeran do PAT no curso anterior (2019-2020) un instrumento necesario e valioso para o alumnado que acudira a el en busca de respostas ás súas inquiredanzas. Como era habitual nos anos previos, anos con maior tranquilidade no desenvolvemento do curso, neste curso 2020-2021 a utilización do PAT por parte do alumnado foi algo máis reducida. Consolidar a conciencia do PAT como unha ferramenta útil, non so en casos de emerxencia, senón para a mellora continua da práctica educativa de profesorado e alumnado segue a ser un reto a acadar para o futuro.

En canto ás propostas, analizados os informes e as enquisas, se sinalan as seguintes:

- **É preciso intensificar o traballo de coordinación do PAT, na procura dunha maior e mellor visibilidade do PAT como instrumento útil para mellorar a docencia.**
- **É preciso coordinar en prazos distintos as distintas titulacións, con calendarios distintos.**
- **É preciso otorgar un maior número de horas ao profesorado encargado da titorización. É preciso tamén un traballo conxunto coa coordinación dos títulos, a quen corresponde solventar as cuestións relativas á docencia. O alumnado ten que distinguir os diferentes ámbitos dende os que se incide na calidade das titulacións.**
- **É preciso incentivar a participación nas enquisas de satisfacción, como mecanismo de mellora do Plan. A día de hoxe, segue a constatare unha nula participación nas enquisas finais. Este feito fai imposible contrastar opinións e ter unha idea máis axeitada sobre as posibilidades de mellora na súa implantación. Haberá que valorar a data máis axeitada para lanzar a enquisa, difundila axeitadamente e animar ao alumnado a formar parte da ferramenta.**
- **Sería convinte artellar unha enquisa para valorar a atención ás necesidades educativas específicas. As características singulares desta parte do PAT requiren dunha enquisa diferente e adicional que valore o grao de satisfacción entre o alumnado acollido ao Plan Piune.**















VIII. ANEXO: RESULTADOS DAS ENQUISAS

• Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos:

1º CURSO : Participaron cinco persoas entre o alumnado

Valores a documentación e a información previa ofrecida do PAT	
Resposta	Porcentaxe
Suficiente	80.00 %
Insuficiente	20.00 %
Avance a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT	
Resposta	Porcentaxe
Boa	80.00 %
Moi boa	20.00 %
En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?	
Resposta	Porcentaxe
Bastante	80.00 %
Nada	20.00 %
Valores o grao de utilidade do PAT	
Resposta	Porcentaxe
Bastante	80.00 %
Nada	20.00 %
Que aspectos crees que deben abordarse no desenvolvemento do PAT?	
Resposta	Porcentaxe
Académicos	20.00 %
De todo tipo	80.00 %
En que aspectos académicos preferiría que se oentrase a función docente titorial?	
Resposta	Porcentaxe
Preparación de exames	25.00 %
Todas as anteriores	75.00 %
Pensa que as delas establecidas para as distintas actividades foron as axeitadas?	
Resposta	Porcentaxe
Si	100.00 %
Tempo medio adicado diariamente ao estudo	
Resposta	Porcentaxe
Dúas horas	60.00 %
Tres horas	40.00 %
Actúo regularmente ás clases?	
Resposta	Porcentaxe
Non	20.00 %
Si	80.00 %
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?	
Resposta	Porcentaxe
Non hai respostas	80.00 %
Por la imposibilidad de crear una rutina debido a la situación del Covid	20.00 %
Actúo ás titorías programadas?	
Resposta	Porcentaxe
Non	80.00 %
Si	20.00 %
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?	
Resposta	Porcentaxe
Non hai respostas	80.00 %
Debido a los horarios incompatibles	20.00 %
Falta de tiempo	20.00 %
Considera axeitado o sistema de seguimento?	
Resposta	Porcentaxe
Si	100.00 %
Que eliminaría do PAT?	
Resposta	Porcentaxe
Non hai respostas	100.00 %
Que engadiría?	
Resposta	Porcentaxe
Non hai respostas	100.00 %

2º CURSO: Participou unha soa persoa entre o alumnado

Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Insuficiente	1	 100.00 %
Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Mala	1	 100.00 %
En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Pouco	1	 100.00 %
Valore o grao de utilidade do PAT		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Nada	1	 100.00 %
Que aspectos cree que deben abordarse no desenvolvemento do PAT?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
De todo tipo	1	 100.00 %
En que aspectos académicos preferiría que se centrase a función docente tutorial?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Todas as anteriores	1	 100.00 %
Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron as axeitadas?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Si	1	 100.00 %
Tempo medio adicado diariamente ao estudo		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Tres horas	1	 100.00 %
Asistiu regularmente ás clases?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Si	1	 100.00 %
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non hai respostas	1	 100.00 %
Asistiu ás titorías programadas?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Si	1	 100.00 %
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non hai respostas	1	 100.00 %
Considera axeitado o sistema de seguimento?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Si	1	 100.00 %
Que eliminaría do PAT?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non hai respostas	1	 100.00 %
Que engadiría?		
Resposta	Número de respostas sobre un total de 1	Porcentaxe
Non hai respostas	1	 100.00 %

3º CURSO: Non houbo participación por parte do alumnado.

4º CURSO: Participaron 2 estudantes.

Valores a documentación e a información previa ofrecida do PAT	
Resposta	Porcentaxe
Insuficiente	100.00 %
Avalia a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT	
Resposta	Porcentaxe
Boa	50.00 %
Maia	50.00 %
En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?	
Resposta	Porcentaxe
Pouco	100.00 %
Valore o grao de utilidade do PAT	
Resposta	Porcentaxe
Pouco	50.00 %
Nada	50.00 %
Que aspectos ores que deben abordarse no desenvolvemento do PAT?	
Resposta	Porcentaxe
De todo tipo	100.00 %
En que aspectos académicos preferiría que se enfocase a función docente titorial?	
Resposta	Porcentaxe
Todas as anteriores	100.00 %
Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron as axeitadas?	
Resposta	Porcentaxe
Non	50.00 %
Si	50.00 %
Tempo medio adicado diariamente ao estudo	
Resposta	Porcentaxe
Dúas horas	50.00 %
Tres horas	50.00 %
Asistiu regularmente ás clases?	
Resposta	Porcentaxe
Si	100.00 %
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?	
Resposta	Porcentaxe
Non hai respostas	100.00 %
Asistiu ás titorías programadas?	
Resposta	Porcentaxe
Non	50.00 %
Si	50.00 %
Se na pregunta anterior contestou "Non", por que?	
Resposta	Porcentaxe
Non hai respostas	50.00 %
Porque non me aportan nada de interese.	50.00 %
Considera axeitado o sistema de seguimento?	
Resposta	Porcentaxe
Non	100.00 %
Que eliminaría do PAT?	
Resposta	Porcentaxe
Non hai respostas	50.00 %
O sistema actual de un tutor para todo o grao.	50.00 %
Que engadiría?	
Resposta	Porcentaxe
Non hai respostas	50.00 %
Un cambio no sistema PAT, pasando outra vez a asignar un tutor por curso e uno por grao, para que este poida realizar máis actividades e adicar máis tempo aos seus tutelados e ao programa.	50.00 %